

## Acta da Comisión Permanente do día 14 de outubro de 2022

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 14/10/2022
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 14/10/2022
- III. Actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Santa Bárbara 2022”.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 10 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2022.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

3. **Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2022/2023.**

A Presidenta lembra que se habilitou o procedemento habitual e se achegaron 11 solicitudes de saídas de campo e sinala que case que se recuperou o número previo á pandemia.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1.	Xestión integral de industrias mineiras	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Vedra (A Coruña)	7	14/10/2022
2.	Instalacións eléctricas	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Grao en Enxeñaría da Enerxía	Os Peares (Ourense)	21	18/10/2022
3.	Explotación sostible de Recursos Mineiros I + ESMR	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	10	25/10/2022
4.	Procesos de recuperación de menas / Concentración de minerais	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	5	08/11/2022
5.	Explotación sostible de Recursos Mineiros I	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	O Porriño (Pontevedra)	5	11/11/2022
6.	Procesos de recuperación de menas / Concentración de minerais / Explotación sostible de recursos mineiros	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Vimianzo (A Coruña)	6	22/11/2022

7.	Explotación sostible de Recursos Mineiros I + ESMR	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Rubián (Lugo) + A Campa – O Courel (Lugo)	7	29/11/2022
8.	Todas as de 1º curso dos Graos impartidos na EEME	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Grao en Enxeñaría da Enerxía	Vimianzo (A Coruña)	50	16/12/2022
9.	Enerxías alternativas fluidodinámicas	Grao en Enxeñaría da Enerxía	Xermade (Lugo)	14	Por determinar
10.	Voaduras	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Caldas de Reis (Pontevedra)		Por determinar
11.	Voaduras	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos / Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Pontevedra		Por determinar

Teresa Rivas pregunta se as solicitudes 6 e 8 poden ser duplicadas; Carmen Romo aclara que non xa que a 8 é ao parque eólico de Monte Tourado en Vimianzo, orientada ao alumnado de primeiro curso.

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2022/2023.

#### 4. Aprobación, se procede, das actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Santa Bárbara 2022”.

A Presidenta comenta que anualmente a Vicerreitoría convoca estas axudas e que no centro sempre se conta coa Delegación de Alumnado para facer a solicitude. Aмосa e comenta a proposta preliminar de actividades recollidas na solicitude (Anexo III) e a súa valoración orzamentaria, aclarando que a Delegación de Alumnado sinalou que este ano a actividade da carpa vaise substituír por un seminario de formación.

Apróbase por asentimento a proposta de actividades con motivo da celebración da patroa do centro e a presentación da solicitude de financiamento á convocatoria de axudas para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo.

#### 5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a catorce de outubro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace  
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 14/10/2022**

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o venres, 14 de outubro de 2022, ás 9:30 h en primeira convocatoria e as 10:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2022.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2022/2023.
4. Aprobación, se procede, das actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Santa Bárbara 2022”.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 7 de outubro de 2022  
O Secretario

Guillermo García Lomba

(\* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ELe-De-6-Qu-ese-ELe) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA



## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 14/10/2022**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 14 de outubro de 2022</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
José Santiago Pozo Antonio
<b>Profesorado</b>
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
<b>Estudantes</b>
Belén Parente Artime
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia Carmen Alonso Pérez e Alejandro Casal Barrerio.

## ANEXO III

**Actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Santa Bárbara 2022”**